



MANCOMUNIDADE  
de MONTES  
de PONTEVEDRA



*"Se soubera que o mundo acaba mañá, eu, hoxe aínda, plantaría unha árbore". Martin Luther King*

Nº1 / 2012

en - comunicación

Boletín informativo

en - comunidade

## Sumario:

1. En Portada.  
Campaña de Nadal.
2. Axudas ao  
fomento da  
silvicultura.

### Fala coa

#### Mancomunidad:

Gustaríanos que funcionara a comunicación entre @s comuneir@s e a Mancomunidad.

Recolle en casa as vosas opinións sobre o monte e contáznoslas: o que vos preocupa, o que che interesa, o que che parece que fáltalle ou sóbralle ao monte...

Dirixete a

[montespontevedra@mun-do-r.com](mailto:montespontevedra@mun-do-r.com)

ou a través do perfil en facebook:

**montes pontevedra**

#### Nova oportunidade para ás árbores de Nadal.

A Mancomunidad de Montes de Pontevedra quere ofrecer á cidadanía a posibilidade de facer a plantación e seguimento das árbores de Nadal.

As campañas de recollida das árbores de Nadal son habituais dende hai anos. Os requisitos son sinxelos, ás árbores para poder ter unha segunda oportunidade no medio natural deben estar en condicións mínimas de vitalidade: árbores vivas con cepellón -de outro xeito sería imposible a súa reutilización-, incluso aqueles que perderan algunhas follas sen estar completamente secos; en ningún caso admitiranse pólas cortadas, árbores co cepellón desfeito ou seco nin, por suposto, árbores artificiais.

Estas campañas están baseadas normalmente en habilitar puntos de recollida onde as árbores pasan a máns dos operarios municipais.

Parécenos unha boa práctica implicar á poboación na recuperación destas árbores e, ao mesmo tempo, darlles a coñecer o monte veciñal invitándolles a plantalas en zonas dos montes veciñais de Pontevedra onde as árbores poden ter unha viabilidade futura.

Ás árbores quedarán identificadas cun anel co nome ou logo da familia que o plantou e entregaráselles unha nota informativa sobre o monte no que está plantado e as coordenadas de localización da súa árbore.

#### CONTACTO E DATAS DE PLANTACIÓN

A Mancomunidad de Montes de Pontevedra habilita un teléfono de contacto e un enderezo electrónico para que aquelas persoas interesadas se poñan en contacto coa Mancomunidad e se informen sobre a plantación: 986 85 14 24 e [montespontevedra@mun-do-r.com](mailto:montespontevedra@mun-do-r.com).

Organizarase en función das familias que se apunten a esta actividade dúas mañás de plantación: o sábado 14 e o domingo 15 de xaneiro xa que cómpre plantalas canto antes.

## 2. Axudas a fomento da silvicultura

Na data do 5 de xaneiro publicouse no DOG a Orde de axudas para fomento da silvicultura... (Orde do 27 de decembro). Ao abeiro desta orde son subvencionables traballos en masas de piñeiro, frondosas e tamén eucalipto. Todos os conceptos poderán ser subvencionables ata o 60 % (ZONAS DESFAVORECIDAS) ou 50 % segundos casos. No caso do Concello de Pontevedra a intensidade máxima da axuda será do 50 %.

### **Prazo de presentación das solicitudes de axuda.**

O prazo de presentación remata o 6 de febreiro.

### **Beneficiarios posibles das axudas.**

Estas axudas son interesante tanto para comunidades de montes como para propietarios particulares, en especial, se presentan solicitudes agrupadas e, neste senso, as Comunidades de Montes poden servir de elemento aglutinador especialmente nos lugares que son de maior interese como enclavados no monte ou parcelas lindantes co monte veciñal.

### **Requisitos dos beneficiarios**

Un dos requisitos principais que afecta a algunhas Comunidades de Montes veciñais en man común é a obriga de dispor dun proxecto de ordenación no caso de que teñan unha superficie clasificada superior a 250 ha.

### **Criterios de prioridade**

As solicitudes que se presenten serán valoradas en función de diferentes criterios e un dos de maior puntuación é si o monte dispón ou non de certificación forestal.

### **Actuacións obxecto de axuda:**

1. Rareos en masas de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 12 cm.
2. Rozas previas ás podas, e podas en masas de coníferas.
3. Tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio da masa comprendido entre os 10 e os 20 cm (consideraranse como tales aquelas cun mínimo dun 80% de superficie ocupada por frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras e cunha densidade mínima destas de 400 pés/ha):
4. Rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros cunha densidade mínima de 100 pés/ha:
5. Tratamentos silvícolas en masas de eucalipto co obxectivo de obter madeira de calidade para serra ou chapa, en quenda de 25 anos.

## 4. Enlaces:

Unha iniciativa interesante: monte modelo, apuntámonos? <http://bosquesmodelo.net>

Un paseo por un bosque finlandés: <http://w3.upm-kymmene.com/upm/forestlife/>

Síguenos en facebook: montespontevedra. Aquí poderás intercambiar ideas e propostas encamiñadas a construír un proxecto común, sostible e integrador.



Mancomunidade de Montes de Pontevedra.  
Antiga escola unitaria de Cons, s. n. – Mourente  
Pontevedra  
Tfno presidente: 659 54 55 59  
Tfno. Asistencia Técnica: 986 85 14 24  
[montespontevedra@mundo-r.com](mailto:montespontevedra@mundo-r.com)